



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

---

## **ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO**

**Lugar:** Casa do Concello

**Día:** 19 de maio de 2016

**Hora de comezo:** 14.15 h

**Hora de remate:** 14.40 h

### **ASISTENTES:**

Don Ovidio Rodeiro Tato

Don Manuel Fernández Munín

Don Jesús Sanjuás Mera

Dona M<sup>a</sup> Carmen Botana Cebeiro

### **AUSENTES:**

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

### **ORDE DO DIA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Xustificación subvención para a realización de actividades deportivas durante o ano 2015**
- 3. Xustificación da subvención “actividades culturais 2015”**
- 4. Aprobación de facturas**
- 5. Licenzas urbanísticas**
- 6. Aprobación padrón fiscal subministro de auga e saneamento, primeiro trimestre 2016**
- 7. Solicitude de axuda de emerxencia social**
- 8. Dar conta das altas e baixas no SAF**
- 9. Rogos e Preguntas**

### **DELIBERACIÓNS**

- 1. Aprobación da acta anterior**

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 6 de maio do 2016.

## 2. Xustificación subvención para a realización de actividades deportivas durante o ano 2015

No BOP nº 209, do venres 31 de outubro de 2014, saíu publicada a convocatoria do programa de subvencións a concellos para a realización de actividades deportivas durante o ano 2015, con referencia FO101/2015.

No BOP nº 61, de 1 de abril de 2015, sale a resolución pola que se aproba a concesión definitiva correspondente a dito programa FO101/2015, sendo o importe da subvención de 4.457'60€, sendo o presuposto subvencionado que se ha xustificar pola mesma cantidade (Cod.expediente: 201499006510) e sendo o obxecto da mesma: Plan de escolas deportivas. Planificación deportiva 2015.

A xustificación realizouse despois de cumprir os requisitos sinalados nas bases da convocatoria, adxuntándose a documentación pertinente (memorias xustificativas ,relación de facturas, etc..)

Así tendo cumpridos todos os requisitos necesarios e as condicións impostas na concesión de dita subvención, adxúntase a documentación que acredita a súa xustificación e presentase para súa aprobación na Xunta de Goberno.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar as memorias das actividades levadas a cabo nas diferentes programacións obxecto da subvención.
2. Imputar e presentar a relación de pagos realizados polo diferentes conceptos subvencionados na realización das actividades deportivas como así se reflicte nas propias facturas achegadas.

Concepto aprobado na concesión	Datos do acredor		Documento xustificativo					
	NOME Nome e apelidos (persoas físicas) Nome de empresa/entidade de completo	NIF	Concepto do xustificante	Tipo de documento	Data Documento	Nº Documento	Data pago	Importe do documento  (Indicar só si non coincide co importe imputado)
Monitoraxe Escolas Deportivas	CPM Organización Eventos	XXXXX	Actividades deportivas	Factura	01/12/15	BO.02	30/12/15	1.817'42€
Organización Torneo Interparroquial	Electro Bermudez	XXXXX	Material deportivo	Factura	28/12/15	42615E	30/12/15	540,27€
Monitoraxe Escolas Deportivas	Cpm Organización De Eventos	XXXXX	Actividades Deportivas	Factura	01/11/15	BO.01	09/12/15	1540,33€

Concepto aprobado na concesión	Datos do acredor		Documento xustificativo					
Monitoraxe Escolas Deportivas	Escola De Fútbol Boqueixón	XXXXX	Actividades Deportivas	Factura	30/04/15	C1500007	09/06/15	1.699'30€

Sendo o importe total imputado de 5.597,32€.

3.O importe total que se xustifica na realización de actividades deportivas durante o ano 2015 é de 5.597,32€ sendo a cantidade a xustificarde 4.457,60€ .

4.Que o gasto xustificado,e obxecto da axuda,se reflectiu na forma preceptiva no Libro de contabilidade da Entidade,segundo o disposto na Lei 38/2013 do 17 de novembro e nas propias condicións de dita convocatoria.

5.Que a entidade executou a publicidade da colaboración financeira da Deputación Provincial da Coruña na información que realizou do desenvolvemento das actividades deportivas realizadas dentro das diferentes programacións establecidas na Planificación deportiva 2015.

6.Que para o mesmo obxecto ,non se obtiveron subvencións ou calquera outra forma de financiamento ,de calquera outra entidade pública ou privada.

7.Que se cumpriu a finalidade da subvención mediante a realización das actividades deportivas para a que foi concedida.

8.Aprobar a memoria explicativa das actividades e na que consta o cumprimento dos obxectivos cumpridos,dats e números de beneficiarios.

### **3. Xustificación da subvención “actividades culturais 2015”**

No BOP nº 209 do 31 de outubro de 2014 saíron publicadas as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas a concellos e outras entidades locais, da Deputación Provincial da Coruña para o ano 2015 e a convocatoria do programa de subvencións para realizar actividades culturais durante ese mesmo ano.

No decreto de alcaldía do 3 de decembro de 2015 resolvese solicitar unha subvención para Actividades Culturais, por un importe total de 22.700 euros.

No BOP nº 30 do 13 de febreiro do 2015 publícase a resolución definitiva da concesión de subvencións para a realización de actividades culturais durante o ano 2015 cun importe de 5.198,30 € e un presuposto subvencionado que se hade xustificar polo mesmo importe.

O 21 de abril de 2015 recibeuse ingreso do 50% de dita subvención en concepto de 1º prazo de aboamento, de acordo coa base 9 das Bases Reguladoras.

Dado que o prazo de xustificación remata o 31 de maio de 2016, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Imputar a seguinte relación clasificada dos pagos realizados, con identificación dos **acreedores** (nome e apelidos/razón social e o NIF ou CIF), **dos conceptos de gasto de documentos** (concepto, nº de factura ou documentos equivalente, importe do documento, data de emisión, data e medio de pago e importe imputado):

Concepto aprobado na concesión	Datos do acreedor		Documento xustificativo							Importe imputado
	NOME Nome e apelidos (persoas físicas) Nome de empresa/entidade completo	NIF	Concepto do xustificante	Tipo de documento	Data documento	Nº documento	Data e órgano aprobación factura	Data pago	Importe do documento (Indicar só si non coincide co importe imputado)	
Obradoiros culturais	Arelar xestión socioeducativa S.L.	XXXXX	Obradoiro cultural de elaboración audiovisual	factura	18/12/15	24/2015	D.A 30/12/15	30/12/15	1.161,6	1.161,6
Curso de informática	Inforbyte-Jorge Iglesias López	XXXXX	Curso de informática	factura	06/07/15	1573	XG 22/10/15	29/10/15	300,00	112,50
BoqueiSons	Artes Gráficas Alonso	XXXXX	Carteis	factura	07/08/15	A15/313	X.G 20/08/15	28/08/15	145,20	145,20
Axenda cultural "Xanela"	Artes Gráficas Alonso	XXXXX	Revistas Xanela	factura	18/03/15	A15/112	X.G 09/04/15	21/04/15	476,32	476,32
	Artes Gráficas Alonso	XXXXX	Revistas Xanela	factura	10/06/15	A15/239	D.A 29/06/15	06/07/15	547,04	347,04
	Artes Gráficas Alonso	XXXXX	Revistas Xanela	factura	16/09/15	A15/362	D.A 07/10/15	08/10/15	682,76	482,76
Axenda cultural "Xanela"	Artes Gráficas Alonso	XXXXX	Revistas Xanela	factura	14/12/15	A15/496	X.G. 17/12/15	23/12/15	636,46	636,46
Certame relatos	Artes Gráficas Alonso	XXXXX	Libros relatos premiados	factura	12/06/15	A15/241	D.A 29/06/15	06/07/15	395,20	395,20
	Lino librería-Mª Angeles Cutrín Ares	XXXXX	Premio certame	factura	19/09/15	835T	XG 01/10/15	07/10/15	50,00	50,00
	Lino librería-Mª Angeles Cutrín Ares	XXXXX	Premio certame	factura	19/09/15	836T	XG 01/10/15	07/10/15	50,00	50,00
	Lino librería-Mª Angeles Cutrín Ares	XXXXX	Premio certame	factura	19/09/15	837T	XG 01/10/15	07/10/15	50,00	50,00
<b>Total</b>									<b>3.907,08 €</b>	

2.- Imputar a seguinte porcentaxe das nóminas da bibliotecaria pagadas no 2015

NOME E APELIDOS DO/A TRABALLADOR/A: ANA BEATRIZ DÍAZ MÍGUEZ		NIF DO /A TRABALLADOR/A: XXXXX	
IMPORTE MENSUAL	Abril/15	Maior/15	TOTAL ANUAL
Nómina: total devengado	2.233,01 €	2.233,01 €	
Seguridade social a cargo da empresa	662,57 €	662,57 €	

TOTAL MES	2.895,58 €	2.895,58 €	5.791,16 €
PORCENTAXE DA XORNADA LABORAL IMPUTADA			10,00%
IMPORTE IMPUTADO= Total anual x Porcentaxe da xornada laboral imputada			<b>579,11 €</b>

3.- Imputar a seguinte porcentaxe das nóminas do dinamizador sociocultural pagadas no 2015, non presentada como xustificante en convocatorias anteriores:

NOME E APELIDOS DO/A TRABALLADOR/A: <b>PASCUAL VILLAVERDE NÚÑEZ</b>				NIF DO /A TRABALLADOR/A: <b>78795406M</b>
IMPORTE MENSUAL	Maio/15	Xullo/15	Decembro/15	TOTAL ANUAL
Nómina: total devengado	1.545,18 €	1.545,18 €	1.545,18 €	
Seguridade social a cargo da empresa	603,41€	603,41€	603,41€	
TOTAL MES	2.149,09 €	2.149,09 €	2.149,09 €	6.447,27€
PORCENTAXE DA XORNADA LABORAL IMPUTADA				12%
IMPORTE IMPUTADO= Total anual x Porcentaxe da xornada laboral imputada				<b>773,67 €</b>

4.- O importe total que se xustifica é de 5.259,86 euros.

5.- Que para a actividade de curso de informática, incluída na programación obxecto de solicitude, obtivéronse ingresos dos participantes por importe total de 187,50 € (importe total da factura 300 € e importe imputado á subvención 112,50 €).

6.- Aprobar a memoria explicativa das actividades realizadas, na que consta o cumprimento da finalidade, así como ter cumpridos os requisitos e condicións impostas xunto cos resultados obtidos.

7.- Que a entidade fixo constar na publicidade da actividade subvencionada a colaboración da Deputación da Coruña.

8.- Que os xustificantes de pagos da subvención referenciada non foron presentados como xustificantes en convocatorias anteriores.

9.- Que os pagos xustificativos da subvención de referencia foron reflectidos, na forma preceptiva na contabilidade da entidade, segundo o disposto no art. 14.1 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

10.- Dar conta deste acordo de xustificación á Excm. Deputación Provincial da Coruña.

#### 4. Aprobación de facturas

A Xunta de Goberno acorda aprobar a seguinte relación de facturas que serán aboadas con cargo ó presuposto do ano 2016, por un importe total de 34.208,67 euros.

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Sogama – Tratamiento de RSU mes de marzo	162.3.212.00	7.816,93
2	Liquidación de gastos de Anselmo Caeiro Vilar – asistencia curso nóminas Deputación Coruña	920.230.20	54,75
3	Matilde Calvo Suárez – Servizo terapia ocupacional mes de abril – segundo contrato	231.227.99	478,80
4	Autoeléctrico Sergude,SC – Arranxo vehículos C-6319-CG e 5771 DFF	135.213.00	184,07
5	Autoeléctrico Sergudel,SC – Arranxo camión do lixo 7414 BSL	162.1.213.00	69,71
6	Manuel Botana Granja – Compra de cadeado e copia de chaves para locais municipais	920.212.00	6,00
7	Comercial Sánchez y Torres, SC – Arranxo maquinaria parques e xardíns	171.213.00	396,58
8	Ascensores Enor, SA – Mantemento ascensor concello mes de maio	920.213.00	77,08
9	Editorial Compostela, SA – Esquela de D. Secundino Torres Vázquez	920.226.02	242,00
10	Talleres Sánchez Rey,SC – Reparación pa retroescavadora e desbrozadora	163.21300	392,11
11	Comercial Marbre – Pintura para paso de cebra Lamas e Vigo	153.2.212.00	40,84
12	Foga – Mantemento fotocopiadoras mes de maio	920.2130.00	420,63
13	Sogama- Tratamiento de RSU mes de abril	162.3.212.00	7.041,00
14	Liquidación de gastos de kilometraje de Ricardo Romero Pérez. Escolas Deportivas de xaneiro a maio	920.230.20.	445,36
15	David Torres Vázquez – Materiais varios para mantementos e reparacións municipais	920.212.00	274,36
16	Gasóleos S.Benito, SL – Gasolinas para maquinaria municipal	171.221.03	320,80
17	Gasóleos S.Benito, SL – Gasóleo A – depósitos municipais e gasóleo C – locais municipais	135.22103 920.22103	4707,45
18	Liquidación de gastos de Arlette Aimee Freire – Kilometraje curso de inglés	920.230.20	145,92
19	Gallega de S.I, SL – Material de limpeza (cubo,bolsas lixo,limpacristais...)	320.212.00	148,96
20	Gallega de SI, SL – (Material de limpeza (Toallitas e fregona)	920.212.00	104,45
	SUMAN		23.367,80

A continuación transcribense as facturas domiciliadas e aboadas con cargo ó ano 2016

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
21	Correos y Telégrafos, SA – Servizo de correos mes de abril	920.222.01	421,17
22	Estudio Técnico Gallego, SA - Asistencia técnico urbanística mes de abril – segundo contrato	151.227.00	1.917,85
23	Fremap, Seguridad y Salud, SLU- Prevención e vixilancia da saúde – maio a xullo	920.227.99	506,65
24	Montaxes Eléctricos Fernández, SL – Mantemento alumeadado público mes de marzo	165.210.00	3.771,17
25	Montaxes Eléctricos Fernández, SL – Mantemento alumeadado público mes de abril	165.210.00	3.771,17
26	Telefónica España, SAU – Consumo telefónico móbiles + fax (fusión) do 18/03/ ó 17/04-	920.222.00	446,37
27	Telefónica Móviles España, SAU – Facturación outros gastos de móbiles non computados na tarifa plana – do 18/03 ó 17/04	920.222.00	6,49
	SUMAN		10.840,87
	<b>TOTAL</b>		<b>34.208,67</b>

## 5. Licenzas urbanísticas

### A) Concesión de licenza municipal de obras. Expediente 2016/300

### Antecedentes:

Con data do 16/02/2016, con rexistro de entrada n.º: 2016/300, preséntase unha solicitude de licenza municipal de obras, para a construción dunha vivenda unifamiliar illada, no XXXXX, na parroquia de Ledesma, a nome de Jesús XXXXX, con DNI n.º: XXXXX, e Patricia XXXXX, con DNI n.º: XXXXX, en base ao proxecto técnico básico, redactado polos arquitectos Adolfo Vieites Vázquez, colexiado n.º: 3434; e Santiago Martín Romarís García, colexiado n.º: 3058.

Con data do 19/02/2016, con rexistro de entrada n.º: 16/329, os promotores achegan documentación complementaria, para incorporar ao expediente n.º: 2016/300.

Con data do 10/03/2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase o **informe técnico favorable** ao expediente de referencia, e no que se require que deberá achegarse o escrito de cesión de viais, o Oficio de dirección de obra, e a autorización previa do Servizo de Patrimonio Cultural, debido a que as obras propostas localízanse no contorno de protección da Igrexa do Salvador de Ledesma, incluída no catálogo do PXOM coa clave AR-10.

Con data do 11/03/2016, con rexistro de saída n.º: 2016/202, de data do 14/03/2016, pola alcaldía remítese o expediente completo ao Servizo de Patrimonio Cultural, para que emita o correspondente informe ou autorización previa das obras previstas.

Con data do 14/03/2016, con rexistro de saída n.º: 2016/203, pola alcaldía, ponse en coñecemento do promotor das obras, do inicio do trámite municipal para a solicitude do informe ou autorización previa do Servizo de Patrimonio Cultural.

Con data do 13/05/2016, con rexistro de entrada n.º: 16/915, achégase a notificación / resolución de **autorización de obras**, do **Servizo de Patrimonio Cultural**.

Con data do 16/05/2016, emítase informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- A solicitude da licenza municipal de obras
- O proxecto técnico básico das obras previstas
- Os datos identificativos do solicitante
- Acreditación titularidade da parcela, segundo escritura notarial de compravenda n.º: 959
- O pago da taxa municipal correspondente, por importe de 183,81 €
- A cesión obrigatoria de 8,37 m<sup>2</sup>, segundo o proxecto básico, informado favorablemente
- O impreso de estatística de edificación e vivenda
- A autorización do Servizo de Patrimonio Cultural (con rexistro de entrada n.º: 16/915)
- O informe técnico favorable, da arquitecta municipal, de data do 10/03/2016
- O informe xurídico, de data do 16/05/2016

Unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a “licenza municipal de obras” a D. Jesús XXXXX, con DNI n.º: XXXXX, e Patricia XXXXX, con DNI n.º: XXXXX, para a “construción dunha vivenda unifamiliar

illada”, sita no xxxxx, na parroquia de Ledesma, emprazada sobre a parcela catastral nº.: 15012A511001270000WF, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

01. Nº.: do expediente municipal: 2016/300
02. Promotores do expediente: Jesús xxxxx - Patricia xxxxx
03. D.N.I. dos promotores: xxxxx – xxxxx
04. Clasificación urbanística da parcela: Solo de Núcleo Rural. Ordenanza de Núcleo Común
05. Tipo de licenza: Construción dunha vivenda unifamiliar illada
06. Edificabilidade: 0,19 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> (superficie construída 301,80 m<sup>2</sup>)
07. Ocupación: 12,8 % (197,55 m<sup>2</sup>)
08. Alturas: PS + PB = inferior a 7,00 m
09. Situación e emprazamento: xxxxx- Ledesma
10. Referencia catastral da parcela: 15012A511001270000WF
11. Orzamento de execución material das obras: 150.852 €
12. Liquidación do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.): 2.866,19 €
13. Técnicos autores do proxecto: Adolfo Vieites Vázquez, colexiado nº.: 3434  
Santiago Martín Romarís García, colexiado nº.: 3058
14. Prazos de execución:
  - Para comezar as obras: 6 MESES (desde o recibo de notificación desta licenza)
  - Para terminar as obras: 3 ANOS (desde o recibo de notificación desta licenza)

b.-) Condicións especiais:

15. Antes do inicio das obras, deberase achegar a seguinte documentación:

- Proxecto de execución, visado polo colexio profesional correspondente
- Oficios de dirección e execución facultativa, e coordinación de seguridade e saúde
- Certificación e etiqueta de eficiencia enerxética de proxecto, co xustificante do INEGA

16. Deberase instalar o cartel de obra na parcela, cos seguintes datos como mínimo: *Tipo de obra; número de licenza; prazos de execución; promotor; director de obra; director de execución da obra, coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora*

17. No suposto da instalación dunha GRÚA, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas necesarias, e seguros correspondentes

18. Esta licenza é para a construción dunha vivenda unifamiliar illada. Calquera outra actuación que se vaia a realizar na finca (peches, urbanización interior...), non incluída no proxecto técnico, precisará de nova autorización administrativa, ben sexa mediante licenza de obras ou comunicación previa, segundo o caso.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (I.C.I.O.), por importe de 2.866,19 € e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación:

A liquidación, por importe de **2.866,19 €**, será ingresado na tesourería deste concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)



### Terceiro:

Notificar este acordo aos interesados

## B) Concesión de licenza municipal de obras. Expediente 16/442

### Antecedentes:

Con data do 07/03/2016, con rexistro de entrada n.º: 2016/442, preséntase unha solicitude de licenza municipal de obras, para a construción dunha vivenda unifamiliar illada, sita no lugar de XXXXX, en realidade en XXXXX, na parroquia de Sergude, a nome de D. Manuel XXXXX, con DNI n.º: XXXXX, en base ao proxecto técnico básico e de execución, redactado polo arquitecto, D. Manuel A. Echeverría Ulargui, colexiado n.º:461, e con n.º: de visado 1600432,1, de data do 27/01/2016.

Con data do 21/03/2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emite un informe técnico, que obriga ao promotor a corrixir varias deficiencias no proxecto presentado, así como que deberán achegar nova documentación.

Con data do 29/03/2016, con rexistro de saída n.º: 16/268, de data do 31/03/2016; pola alcaldía, ponse en coñecemento do promotor o contido do informe técnico, para que presente a nova documentación, e as correccións técnicas requiridas, no informe técnico de data do 21/03/2016.

Con data do 15/04/2016, con rexistro de entrada n.º: 16/721, de data do 18/04/2016, o promotor presenta a documentación requirida no informe técnico da arquitecta municipal. Con data do 28/04/2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emite o **informe técnico favorable** ao expediente de referencia, e no que se di que para a concesión da licenza municipal, deberase achegar documentación acreditativa da nova referencia catastral da finca.

Con data do 16/05/2016, emítase informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- A solicitude da licenza municipal de obras
- Os datos identificativos do promotor da licenza
- O proxecto técnico básico e execución, visado polo colexio profesional correspondente
- Acreditación da titularidade da parcela, incluída no proxecto técnico
- O pago da taxa municipal correspondente, por importe de 61,62 €
- A cesión obrigatoria foi aceptada polo concello na licenza de segregación (20/08/2015)
- Certificación técnica de servizos no fronte da parcela, asinada polo arquitecto proxectista
- Compromiso do promotor da execución da instalación dos servizos necesarios ao seu cargo exclusivo.
- A solicitude de inscrición no rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios, rexistrada con data do 18/04/2016, con rexistro n.º: 573 / RX 1020846
- O impreso de estatística de edificación e vivenda
- O oficio da dirección facultativa da obras

- O informe técnico favorable, da arquitecta municipal, de data do 28/04/2016
- Acreditación da nova referencia catastral da finca, segundo certificación catastral descriptiva e gráfica, de data do 13/05/2016
- O informe xurídico, de data do 16/05/2016

Unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a “licenza municipal de obras” a Manuel xxxxx, con DNI nº.: xxxxx, para a “construción dunha vivenda unifamiliar illada”, sita no lugar de xxxxx, na parroquia de Sergude, emprazada na parcela catastral nº.: 15012C505020120000DT, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

1. Nº.: do expediente municipal: 16/442
2. Promotor do expediente: Manuel xxxxx
3. D.N.I. do promotor: xxxxx
4. Clasificación urbanística da parcela: Solo de Núcleo Rural. Ordenanza de Núcleo Común
5. Tipo de licenza: Construción dunha vivenda unifamiliar illada
6. Edificabilidade máxima: 0,184 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> (vivenda 178,05 m<sup>2</sup>)
7. Ocupación máxima: 18,46 % (vivenda 178,05 m<sup>2</sup>)
8. Alturas: PB = 3,62 m
9. Situación e emprazamento: xxxxx - Sergude
10. Referencia catastral da parcela: 15012C505020120000DT
11. Orzamento de execución material das obras: 82.000 €
12. Liquidación do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.): 1.558 €
13. Técnico asinante do proxecto: Manuel A. Echeverría Ulargui, colexiado nº.:46
14. Prazos de execución:
  - Para comezar as obras: 6 MESES (desde o recibo de notificación desta licenza)
  - Para terminar as obras: 3 ANOS (desde o recibo de notificación desta licenza)

b.-) Condicións especiais:

15. Antes do inicio das obras, deberase achegar a seguinte documentación:

Oficio de dirección facultativa da execución das obras Oficio da dirección facultativa de coordinación de seguridade e saúde das obras
---

16. As obras a executar, deberanse adaptar as recollidas no proxecto técnico e anexos, que serviron de base para a tramitación deste expediente, con números de visado 1600432,1, de data do 27/01/2016; e 1600432,3; de data do 08/04/2016

17. Deberase instalar o cartel de obra na parcela, cos seguintes datos como mínimo: *Tipo de obra; número de licenza; prazos de execución; promotor; director de obra; director de execución da obra, coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora*

18. No suposto da instalación dunha GRÚA, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas necesarias, e seguros correspondentes

19. Esta licenza é para a construción dunha vivenda unifamiliar illada. Calquera outra actuación que se vaia a realizar na finca (peches, urbanización interior...), non incluída no

proxecto técnico, precisará de nova autorización administrativa, ben sexa mediante licenza de obras, ou comunicación previa, segundo o caso.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (I.C.I.O.), por importe de **1.558 €** e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación:

A liquidación, por importe de **1.558 €**, será ingresado na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Terceiro:

Notificar este acordo ó interesado

C) Concesión de licenza municipal de obras. Expediente 2016/180

Antecedentes:

Con data do 29/01/2016, con rexistro de entrada nº.: 2016/180, preséntase unha solicitude de licenza municipal de obras, para a instalación dun centro M.T. (media tensión), no punto fronteira Valderrama, e liña de media tensión soterrada de 20 KW de interconexión a C.T. (centro de transformación) Camporrapado II, sita entre os lugares de Castro e Camporrapado, na parroquia de Oural, a nome de Unión Distribuidores Electricidade, S.A. (en adiante UDESA), con CIF nº.: xxxxx, en base ao proxecto técnico de execución, redactado polo enxeñeiro industrial D. José Luís Martínez Grella, colexiado nº.:2726.

Con data do 11/02/2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emite un informe técnico, que obriga ao promotor a corrixir varias deficiencias no proxecto presentado, así como que deberán achegar nova documentación.

Con data do 11/02/2016, con rexistro de saída nº.: 16/127, de data do 15/02/2016; pola alcaldía, ponse en coñecemento do promotor o contido do informe técnico, para que presente a nova documentación, e as correccións técnicas requiridas.

Con data do 01/03/2016, con rexistro de entrada nº.: 16/403, por UDESA, preséntase unha nova documentación, en base ao informe técnico da arquitecta municipal.

Con data do 08/03/2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase o **informe técnico favorable** ao expediente de referencia, e no que se di que para a concesión da licenza municipal, deberase achegar a autorización previa do Servizo de Patrimonio Cultural, debido a que a obra prevista localízase no contorno dun hórreo incluído no catálogo do PXOM, coa clave H-OU-07. Debido á magnitude das obras, tamén se achega unha valoración técnica sobre a posible repercusión das obras nas vías municipais, e co obxecto de solicitar a achega do aval bancario correspondente.

Con data do 04/03/2016, con rexistro de saída nº.: 16/190, de data do 08/03/2016; pola Alcaldía remítase o expediente ao Servizo de Patrimonio Cultural, coa finalidade de tramitar o informe ou autorización previa das obras previstas, con anterioridade a concesión da licenza municipal.

Con data do 16/03/2016, por Decreto da Alcaldía, resolverse: requirir a UDESA, que no comece as obras mentres nos dispoña de tódalas autorizacións administrativas previas necesarias, e que previamente á utilización das vías municipais afectadas, deberá presentar unha fianza por importe de 10.344, 41 €. Este acto é notificado a UDESA, con data do 17/03/2016, con rexistro de saída n.º: 16/2015.

Con data do 28/03/2016, con rexistro de entrada n.º: 16/580, por UDESA, preséntase a xustificación da fianza municipal requirida, presentada con data do 28/03/2016, ante ABANCA Corporación Bancaria S.A. con NIF A70302039, con domicilio social en c/ Cantón Claudino Pita, n.º: 2 – Betanzos (A Coruña).

Con data do 10/05/2016, con rexistro de entrada n.º: 16/917, de data do 13/05/2016, achégase a **notificación / resolución de autorización de obras**, do Servizo de Patrimonio Cultural, segundo ACORDO da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego da Coruña, de data do 27/04/2016.

Con data do 18/05/2016, emítase informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- A solicitude da licenza municipal de obras
- O proxecto técnico de execución en formato dixital (PDF)
- O pago da TAXA e ICIO municipal correspondentes, por importe total de 7.751,97 €
- A Resolución de autorización administrativa previa da Sección de Enerxía, da Consellería de Economía, Emprego e Industria. (Publicada do DOG Núm.: 33 – 18/02/2016)
- Autorización da propiedade privada da parcela, sobre a que se empraza o centro de manobra e transformación (referencia catastral 15012B510006760000LE).
- A Autorización do Servizo de Patrimonio Cultural (Rexistro de entrada 16/917)
- A presentación da fianza municipal requirida pola execución das obras (10.344,41 €)
- O informe técnico favorable da arquitecta municipal, de data do 08/03/2016
- O informe xurídico, de data do 18/05/2016

Unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a “licenza municipal de obras” a Unión Distribuidores Electricidade, S.A. (UDESA), con CIF n.º: xxxxx, para a “instalación dun centro M.T. (media tensión), no punto fronteira Valderrama, e liña de media tensión soterrada de 20 KW de interconexión a C.T. (centro de transformación) Camporrapado II”, sita entre os lugares de Castro e Camporrapado, na parroquia de Oural, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

1. N.º: do expediente municipal: 2016/180
2. Promotor do expediente: Unión Distribuidores Electricidade, S.A. (UDESA)
3. C.I.F. do promotor: xxxxx

4. Tipo de licenza: Instalación dun centro M.T. (media tensión), no punto fronteira Valderrama, e liña de media tensión soterrada de 20 KW de interconexión a C.T. (centro de transformación) Camporrapado II
5. Situación e emprazamento: Castro - Camporrapado (OURAL)
6. Orzamento de execución material das obras: 307.614,38 €
7. Liquidación do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.): 7.690,35 €
8. Técnico autor do proxecto: José Luís Martínez Grela, colexiado nº.:2726
9. Técnico director das obras: Fco. Javier Bouza Cabarcos, colexiado nº.: 867
10. Prazos de execución:  
Para comezar as obras: 6 MESES (desde o recibo de notificación desta licenza)  
Para terminar as obras: 3 ANOS (desde o recibo de notificación desta licenza)

b.-) Condicións especiais:

11. As obras a executar, deberanse adaptar as recollidas no proxecto técnico e anexos, que serviron de base para a concesión desta licenza, calquera modificación substancial destas, serán comunicadas ós servizos técnicos urbanísticos municipais, con anterioridade á súa execución.
12. Os servizos afectados pola execución das obras, tanto públicos coma privados, serán repostos a súa situación inicial, para o cal, no caso de non cumprir adecuadamente coa súa reposición, o concello fará uso da fianza depositada aos seus efectos.
13. Deberase instalar o cartel de obra na zona de influencia, cos seguintes datos como mínimo: *Tipo de obra; número de licenza; prazos de execución; promotor; director de obra; director de execución da obra, coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora*

#### Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (ICIO), por importe de **7.690,35 €** e que foron ingresados nas arcas municipais, xunto coa TAXA correspondente, con data do 29/01/2016.

#### Terceiro:

Notificar este acordo ó interesado

#### D) Concesión de licenza municipal de obras. Expediente 15/1261

##### Antecedentes:

Con data do 25/06/2015, con rexistro de entrada nº.: 15/1261, preséntase unha solicitude de licenza municipal de obras, para a construción dunha vivenda unifamiliar illada, no lugar da XXXXX, na parroquia de Lestedo, a nome de Emilio XXXXX e Natalia XXXXX, con DNI nº.: XXXXX e XXXXX respectivamente, en base ao proxecto técnico básico, redactado polo arquitecto Carlos Landeira Caamaño, colexiado nº.: 2.877.

Con data do 17/07/2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emite un informe desfavorable ao expediente de referencia, no que basicamente se di que o proxecto presentado, non cumpre coas condicións establecidas na Ordenanza da Normativa Municipal do PXOM.

Con data do 23/07/2015, con rexistro de saída n.º: 15/674, de data do 24/07/2015, pola alcaldía, ponse en coñecemento dos promotores, o contido do informe técnico desfavorable que emite a arquitecta municipal, aos efectos que procedan.

Con data do 15/10/2015, con rexistro de entrada n.º: 15/1993, os promotores achegan un novo proxecto modificado de básico, para incorporar ao expediente n.º: 15/1261.

Con data do 26/11/2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emite un novo informe técnico, en base ao novo proxecto modificado de básico achegado, e no que basicamente se di que segue sen cumprirse o límite de ocupación máxima en planta establecido na Ordenanza, así como outras cuestións técnicas, que terán que ser modificadas no novo proxecto básico presentado.

Con data do 27/11/2015, polo departamento de urbanismo, e mediante comunicación por correo electrónico, ponse en coñecemento da promotora Natalia XXXXX, o contido do novo informe técnico, para aos efectos das correccións técnicas que sexan procedentes.

Con data do 18/01/2016, con rexistro de entrada n.º: 16/88, os promotores achegan un novo proxecto modificado II de básico, para incorporar ao expediente n.º: 15/1261.

Con data do 04/02/2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emite o **informe técnico favorable**, con relación ao novo proxecto modificado II de básico, presentado con rexistro de entrada n.º: 16/88, e no cal se establece que as actuacións incluídas son as seguintes: construción de vivenda unifamiliar illada (volumen principal e auxiliar), piscina, e peche de parcela na fronte das vías públicas (camiño municipal ó nordés, e estrada DP-1202, ó leste).

Con data do 12/04/2016, con rexistro de saída n.º: 16/129, de data do 15/04/2016, o Concello de Boqueixón, remite o expediente completo ao Servizo de Patrimonio Cultural, debido a que as obras propostas, localízanse en zona de afección do Cruceiro de Pazos, incluído no catálogo do PXOM, actualmente vixente, coa clave CR-10.

Con data do 20/04/2016, ditouse Resolución polo Xefe do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Coruña, no senso de **autorizar as obras de construción solicitadas**, comunicada a este concello con data do 21/04/2016, con rexistro de saída n.º: 48851 /RX 550574, e con rexistro de entrada neste concello n.º: 16/769, de data do 26/04/2016.

Con data do 16/05/2016, emítense informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- A solicitude da licenza municipal de obras
- O proxecto básico inicial, con n.º: de visado 1503794,1 de data do 15/06/2015
- O proxecto modificado de básico, con n.º: de visado 1503794,3 de data do 14/10/2015
- O proxecto modificado II de básico, con n.º: de visado 1503794,4 de data do 18/01/2016
- Acreditación da titularidade da parcela, segundo escritura notarial de donación n.º: 2.000
- O pago da taxa municipal correspondente, por importe de 298,33 €

- A cesión obrigatoria de 94,12 m2, segundo o proxecto modificado II de básico, informado favorablemente
- O impreso de estatística de edificación e vivenda
- O oficio da dirección facultativa da obras
- A autorización do Servizo de Patrimonio Cultural (con rexistro de entrada nº.: 16/769)
- O informe técnico favorable, da arquitecta municipal, de data do 04/02/2016
- O informe xurídico, de data do 16/05/2016

Unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a “Licenza Municipal de Obras” a D. Emilio xxxxx e Dona Natalia xxxxx, con DNI nº.: xxxxx e xxxxx respectivamente, para a “construción dunha vivenda unifamiliar; piscina e peche de parcela”, sita no lugar de xxxxxs, na parroquia de Lestedo, emprazada sobre a parcela catastral nº. 15012A506051030000WI, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

1. Nº.: do expediente municipal: 15/1261
2. Promotores do expediente: Emilio xxxxx - Natalia xxxxx
3. D.N.I. dos promotores: xxxxx - xxxxx
4. Clasificación urbanística da parcela: Solo de Núcleo Rural. Ordenanza de Núcleo Común
5. Tipo de licenza: Construción dunha vivenda unifamiliar; piscina e peche de parcela
6. Edificabilidade: 228,13 m2 (superficie computable) – 292,40 m2 (superficie construída)
7. Ocupación: 250,49 m2
8. Alturas: PB + P1<sup>a</sup> = 5,60 m
9. Situación e emprazamento: xxxxx - Lestedo
10. Referencia catastral da parcela: 15012A506051030000WI
11. Orzamento de execución material das obras: 120.000 €
12. Liquidación do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.): 3.000 €
13. Técnico autor do proxecto: Carlos Landeira Caamaño. Arquitecto. Col.: 2.877
14. Prazos de execución:

Para comezar as obras: 6 MESES (desde o recibo de notificación desta licenza)

Para terminar as obras: 3 ANOS (desde o recibo de notificación desta licenza)

b.-) Condicións especiais:

15. Antes do inicio das obras, deberase achegar a seguinte documentación:

Proxecto de execución visado polo colexio profesional correspondente Oficios de dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde Certificación e etiqueta de eficiencia enerxética de proxecto, co xustificante do INEGA
--

16. Deberase instalar o cartel de obra na parcela, cos seguintes datos como mínimo: *Tipo de obra; número de licenza; prazos de execución; promotor; director de obra; director de execución da obra, coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora*
17. No suposto da instalación dunha GRÚA, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas necesarias, e seguros correspondentes
18. O peche de parcela terá unha parte cega, cunha altura máxima 1,00 m de muro de bloque de formigón revestido; e unha parte diáfana, cunha altura máxima de 1,00 m, ata alcanzar unha altura máxima total de 2,00 m.
19. O recuamento mínimo do peche, co camiño público ao que dá fronte, deberá coincidir como mínimo coa aliñación establecida no planeamento municipal vixente, e que coincide co plano nº.: A-02, do proxecto modificado II de básico, con nº.: de visado 1503794,4 de data do 18/01/2016, que serve de base para a concesión desta licenza.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (I.C.I.O.), por importe de **3.000 €** e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación:

A liquidación, por importe de **3.000 €**, será ingresado na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Terceiro:

Notificar este acordo aos interesados

## **6. Aprobación padrón fiscal subministro de auga e saneamento, primeiro trimestre 2016**

A empresa Espina y Delfín, adxudicataria do servizo de saneamento e o Concello de Boqueixón xestor do servizo de abastecemento de auga, fixeron entrega dos padróns para a correspondente aprobación por parte desta entidade, tal e como se transcribe no correspondente prego de cláusula que rexe a contratación do servizo de saneamento e según a ordenanza municipal de abastecemento.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

- Aprobar os padróns de abastecemento de auga e saneamento que no 1º trimestre do ano 2016 terían os seguintes aboados:  
Servizo de abastecemento de auga :1.053  
Servizo de saneamento: 1.364
- Expoñer ó público para que se poidan realizar as correspondentes alegacións e publicalo no BOP



## **7. Solicitude de axuda de emerxencia social**

Acordo, concesión de axuda de emerxencia social

## **8. Dar conta das altas e baixas no SAF**

Dáse conta das altas e baixas no SAF

## **9. Rogos e Preguntas**

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace

O alcalde